


PROGRAMA DE AFORRO ENERXÉTICO E RECICLAXE



PROGRAMA DE AFORRO ENERXÉTICO E RECICLAXE DA FACULTADE DE HISTORIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO.....	6
2.1. Climatización	6
2.2. Iluminación	9
3. CONSUMO RESPONSABLE DE MATERIAIS E RECURSOS	12
3.1 Redución do consumo de papel	13
3.2 Uso eficiente de equipos ofimáticos	15
4. XESTIÓN DE RESIDUOS E RECICLAXE.....	17
4.1 Reciclaxe de papel e cartón	18
4.2 Reciclaxe de tóner e cartuchos de impresora.....	21
4.3 Reciclaxe de residuos electrónicos (RAEE).....	23
5. USO E XESTIÓN EFICIENTE DA AUGA.....	24
6. FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN	27
7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO	29

1. INTRODUCCIÓN

O medio ambiente cobra cada vez máis importancia na vida das persoas e no día a día das institucións. A xestión do medio ambiente é clave do futuro das mesmas, entendida como unha oportunidade para evolucionar, reinventarse e incorporar un valor engadido mediante a implementación dunha serie de boas prácticas ambientais.

As boas prácticas ambientais defínense como aquelas accións que buscan reducir o impacto negativo sobre o medio ambiente e a propia institución nas actividades realizadas no día a día na mesma. Unha boa práctica ambiental non ten por que estar asociada a un investimento económico que dificilmente puidera ser soportado por unha Facultade das características da nosa. Na maioría das ocasións son prácticas sinxelas, de baixo custo e con fácil aplicación, que o único que implican son cambios nos hábitos de comportamento do PDI, o alumnado e o PTXAS.

Estas prácticas resultan esenciais dentro dos modelos de economía circular, que implican a adopción dun enfoque sostible que se centra en optimizar o uso de recursos, minimizar os residuos e pechar os ciclos de vida dos produtos e materiais. Este modelo contrasta coa economía lineal tradicional, que segue un patrón de "tomar, facer, refugar". Na economía circular, búscase manter os produtos, materiais e recursos en uso o maior tempo posible, recuperar e rexenerar produtos ao final da súa vida útil e reducir ao mínimo a xeración de residuos. A economía circular busca cambiar o paradigma económico cara a un mundo máis sostible, onde se minimiza o desperdicio, maximízase a eficiencia no uso de recursos e engádese valor en todas as etapas do ciclo de vida dos produtos. Isto implica unha transición cara a modelos de produción e consumo máis responsables e respectuosos co medio ambiente.

Neste senso, o eixo estratéxico «organización e recursos» da Universidade de Vigo establece como obxectivo estratéxico institucional n.º 11 «mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias». En coherencia co mesmo, o Programa de Desenvolvemento Estratéxico Facultade de Historia establece recolle, entre as súas liñas

estratéxicas, en concreto a nº. 7, a de «desenvolver mecanismos que permitan unha xestión eficiente e sostible das infraestruturas do centro e a súa corrección coa finalidade de acadar unha maior eficiencia enerxética dos espazos dedicados á docencia, a investigación e a administración», fixando como obxectivo de calidade o de «potenciar e fomentar entre os integrantes da comunidade un uso eficiente dos recursos enerxéticos» e os de «trasladar aos responsables propostas de reformas estruturais no edificio onde se concentran unha parte importante das estruturas físicas da facultade (Edificio de Ferro) que contribúan ao aforro enerxético, dun xeito respectuoso co valor patrimonial que ten dito edificio».

Organización e recursos	Obxectivo 11 do Plan Estratéxico da UVigo Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.
Liña estratéxica 7 FH: Desenvolver mecanismos que permitan unha xestión eficiente e sostible das infraestruturas do centro coa finalidade de acadar unha maior eficiencia enerxética dos espazos dedicados á docencia, a investigación e a administración.	
Obxectivo de Calidade FH: Potenciar e fomentar entre os integrantes da comunidade un uso eficiente dos recursos enerxéticos.	

Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Metas por curso académico
IA01 Xestión dos recursos materiais e servizos.	i. Elaboración e publicación do programa de aforro enerxético e reciclaxe da Facultade de Historia	Curso 2023-2024: 100%
	ii. Apagado sistemático da conexión e dos aparatos eléctricos ao abandonar un despacho e/ou un aula por parte do PDI, PTXAS e alumnado.	Cursos 2023-2024, 2024-2025 e 2025-2026: 100%
	iii. Peche sistemático por parte dos usuarios das portas de acceso ao pavillón 2.º para evitar a perda de calor.	Cursos 2023-2024, 2024-2025 e 2025-2026: 100%
	iiii. Uso axeitado dos contedores de lixo para facilitar a reciclaxe, con especial coidado pola reciclaxe dos plásticos e dos consumibles informáticos.	Cursos 2023-2024, 2024-2025 e 2025-2026: 100%

En coherencia coa devandita liña estratéxica e o obxectivo de calidade orientado a fomentar entre os integrantes da comunidade un uso eficiente dos recursos enerxéticos, o presente programa pretende integrar e desenvolver a normativa e as medidas adoptadas pola Universidade con accións concretas a desenvolver no ámbito da Facultade de Historia, partindo da base de que a incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) á contorna universitaria ten unha dobre repercusión medioambiental. Por unha banda aparecen novos residuos (tónér, compoñentes eléctricos, baterías, etc.) que é preciso xestionar, así como outro tipo de repercusións a ter en conta (consumo eléctrico, emisión de radiacións, etc.). Por outra, un uso respectuoso das TIC contribúe á conservación medioambiental, reducindo o consumo de recursos naturais (papel, auga, combustibles, etc.) con tan só aplicar as sinxelas recomendacións que se ofrecen nesta guía. Actos habituais como usar o teléfono móbil, enviar un correo electrónico ou consultar a información a través do computador evitan que se malgaste papel, desprazamentos innecesarios ou xeración de residuos que contaminan a nosa contorna natural.

A preservación dos recursos medioambientais e o fomento dun consumo eficiente constitúen hoxe un dos maiores retos globais, e a súa abordaxe esixe unha visión compartida de corresponsabilidade entre todos os sectores sociais. A crise climática, o esgotamento dos recursos naturais e a contaminación non poden ser comprendidos como problemas exclusivos dos gobernos ou das grandes empresas, senón como desafíos que atravesan todos os niveis da vida colectiva, desde as estruturas internacionais ata os espazos máis cotiáns de convivencia, como unha facultade universitaria. Neste sentido, a Facultade de Historia, como ámbito académico no que conflúen docentes, investigadores, estudantes e persoal técnico, de xestión, de administración e servizos, representa un microcosmos onde poden poñerse en práctica valores e estratexias que reflectan ese compromiso común coa sustentabilidade.

Pensar a corresponsabilidade implica asumir que cada acción, por pequena que pareza, ten un impacto acumulativo no conxunto do medio ambiente. Se unha institución educativa como a Facultade de Historia propónse racionalizar o seu consumo enerxético, fomentar a reciclaxe,

reducir o uso de plásticos ou xestionar adecuadamente os residuos, está a contribuír á construción dunha cultura ambiental que se proxecta máis aló dos seus límites físicos. A universidade non é só un espazo de transmisión de coñecemento, senón tamén un laboratorio de cidadanía, onde se forman actitudes e hábitos que os futuros profesionais levarán consigo a outros contextos sociais e laborais. Por iso, resulta fundamental que a comunidade universitaria integre na súa vida cotiá prácticas sostibles que sirvan como modelo e como exercicio de coherencia ética cos valores que a educación superior pretende promover.

Desde esta perspectiva, a idea de elaborar un programa de aforro enerxético e reciclaxe dentro da Facultade de Historia adquire unha dimensión exemplar. Este programa non só busca reducir o consumo de electricidade, papel ou auga, senón tamén promover unha conciencia colectiva sobre a responsabilidade compartida no uso dos recursos. O seu deseño debe partir do recoñecemento das particularidades da contorna universitaria, incorporando medidas realistas e participativas en colaboración co resto das instancias implicadas, en particular a Xerencia e a Administradora do Campus no que se inscribe: a instalación de sistemas de iluminación eficiente e sensores de movemento, a promoción do uso responsable dos equipos informáticos, a colocación de puntos diferenciados de reciclaxe, a dixitalización progresiva de documentos administrativos e académicos, e a organización de campañas de sensibilización ambiental que involucren a toda a comunidade. Estas accións, máis aló do seu valor práctico, contribúen a consolidar unha identidade institucional comprometida co desenvolvemento sostible.

A aplicación dun programa desta natureza require, ademais, unha xestión colaborativa, onde cada sector asuma a súa cota de responsabilidade, converténdose nun espazo de cooperación entre todos sectores implicados onde a corresponsabilidade non se impón, senón que se constrúe mediante o diálogo, a participación e o compromiso común. En definitiva, a Facultade de Historia, aínda sendo un ámbito pequeno dentro do vasto armazón social, pode e debe contribuír activamente aos obxectivos globais de protección do medio ambiente e consumo responsable. O seu papel non se limita a formar profesionais competentes, senón a educar cidadáns conscientes da súa contorna e do seu deber cara ás xeracións futuras. Cada esforzo por aforrar enerxía, reciclar materiais ou reducir residuos é unha expresión concreta desa responsabilidade compartida que une o local co global. Así, ao integrar no seu funcionamento un programa de aforro enerxético e reciclaxe, a Facultade non só mellora a súa sustentabilidade

interna, senón que se erixe en exemplo de como a corresponsabilidade, entendida como un principio ético e colectivo, pode transformar os espazos cotiáns en motores de cambio cara a un futuro máis equilibrado e respectuoso co planeta.

2. MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO

2.1. Climatización

O compromiso coa sustentabilidade e o uso responsable dos recursos constitúe un dos principios fundamentais da política ambiental universitaria. Nun contexto global marcado pola urxencia de mitigar os efectos do cambio climático e reducir o consumo enerxético, as institucións de educación superior teñen unha responsabilidade dobre: por unha banda, actuar como referentes na xestión eficiente dos seus recursos; e, por outro, formar a unha cidadanía consciente, crítica e comprometida coa preservación do medio ambiente. Neste senso, a Universidade de Vigo, de conformidade co Real decreto lei 24/2022, dentro do seu programa de medidas para fomentar o aforro e a eficiencia enerxética, limita a temperatura a 19 °C cando sexa necesaria calefacción e a 27 °C cando as necesidades sexan de aire acondicionado, cunha humidade relativa que se deberá manter entre o 30 % e o 70 %. No que atinxe ao uso da calefacción e do aire acondicionado determina que o período de uso da mesma será o establecido polos administradores/as ou responsables dos centros, establece como temperatura de confort dos espazos interiores de ensinanza e de traballo os 19 °C nos períodos en que estea acendida a primeira e os 27 °C no caso do segundo. Contempla, asemade, a realización de campañas de sensibilización co gallo de racionalizar o uso de equipos de calefacción individual e para alcanzar o obxectivo de manter illados os espazos que requiran o uso do aire acondicionado e que non se produza a fuga do aire arrefriado a espazos nos que non é necesario ou ao exterior.

Como medidas adicionais, determina que se establecerán os mecanismos de control necesarios para que os equipos de climatización non funcionen fóra dos horarios de apertura dos centros, que con carácter xeral será de 8.00 a 21.00 horas, engadindo que o control da temperatura nos edificios que permitan certo nivel de centralización será realizado polo persoal da

administración responsable, mentres que en instalacións con control de temperatura individual apelárase á responsabilidade dos usuarios e usuarias para que as temperaturas se axusten ao indicado no programa. Asemade, prescribese que nos edificios que conteñan climatización nos espazos de circulación e nos vestíbulos, deixaranse de climatizar sempre que sexa tecnicamente viable, medida que se prevé revisar para os edificios nos que a súa adopción supoña un impacto relevante nas condicións de confort das persoas usuarias. Como medidas adicionais, establécese que os locais que non estean en uso durante a xornada laboral deberán ter apagado o seu sistema de climatización e que na organización dos espazos dos centros terá en conta, na medida do posible, asignar espazos que impliquen o menor consumo enerxético.

A Facultade de Historia, pola súa banda, asume o reto de integrar a sustentabilidade nas súas prácticas cotiás, fomentando unha cultura ambiental baseada na corresponsabilidade e a acción colectiva. Así, entre os ámbitos prioritarios de actuación, o consumo enerxético asociado aos sistemas de calefacción e aire acondicionado representa un dos principais focos de atención. O uso ineficiente destes sistemas non só incrementa o gasto enerxético e económico da institución, senón que tamén contribúe de maneira significativa á emisión de gases de efecto invernadoiro. Por iso, resulta esencial establecer medidas concretas que permitan optimizar o funcionamento da climatización nas instalacións da facultade, garantindo ao mesmo tempo o confort térmico das persoas usuarias e o respecto á contorna, proporcionando unha guía práctica que facilite a adopción de comportamentos sostibles no uso da calefacción e o aire acondicionado, identificando de maneira sinxela os hábitos e procedementos que contribúen a un consumo máis racional e eficiente.

Como no resto deste documento, a idea de corresponsabilidade constitúe o eixo central desta proposta. Cada membro da comunidade universitaria, desde o seu ámbito de actuación, pode desempeñar un papel cruce na redución do consumo enerxético. Apagar os equipos cando non se utilizan, axustar os termostatos a temperaturas recomendadas, manter os espazos adecuadamente ventilados ou comunicar incidencias ao servizo de mantemento son xestos cotiás que, aínda que aparentemente pequenos, xeran un impacto significativo cando se realizan de forma conxunta e sostida no tempo. Co obxectivo de facilitar a aplicación e seguimento destas medidas, preséntase a continuación unha táboa de verificación ou “check control”, que recolle un conxunto de accións destinadas a optimizar o uso dos sistemas de calefacción e aire

acondicionado na facultade. Cada medida acompáñase da indicación do seu ámbito de aplicación, a frecuencia con que debe revisarse e unha casa de verificación que permite avaliar o seu cumprimento. Este instrumento está concibido para ser utilizado tanto a nivel individual como colectivo, servindo de apoio ás estratexias institucionais de sustentabilidade e ao traballo dos equipos responsables do mantemento e a xestión ambiental do centro.

Nº	Medida de aforro enerxético	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Manter portas e xanelas pechadas mentres estea acendida a calefacción ou o aire acondicionado.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
2	Comprobar que non haxa correntes de aire ou fugas por xanelas e portas; informar de danos ao decanato para que dea traslado aos órganos competentes.	PTXAS / profesorado / alumnado	Mensual	☐
3	Axustar o termostato: calefacción a 19 °C e aire acondicionado a 27 °C.	Administradora/Per soal de conserxería/PDI e PTXAS en despachos individuais que conten con termostato.	Diario	☐
4	Baixar o termostato a 15 °C en causa dunha ausencia curta do posto de traballo	PDI e PTXAS en despachos individuais que conten con termostato	Diario	☐
5	Apagar os equipos de climatización nos despachos que non se estean utilizando.	PDI e PTXAS en despachos individuais que conten con termostato	Diario	☐
6	Evitar o uso simultáneo de calefacción e ventiladores eléctricos.	Todo o persoal	Diario	☐
7	Priorizar a ventilación natural (abrir xanelas durante uns minutos á primeira hora) en lugar de mantelas abertas durante longos períodos.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
8	Comprobar periodicamente que os filtros de aire estean limpos e en bo estado.	Administradora/Ser- vizo de mantemento	Anual	☐

9	Apagar a climatización 15 minutos antes de finalizar as clases ou a xornada laboral.	PDI e PTXAS	Diario	☐
10	Evitar obstruír radiadores ou reixas de ventilación con mobiliario ou material.	PDI, PTXAS e alumnado	Permanente	☐
11	Aproveitar a luz solar e o illamento natural pechando cortinas ou persianas segundo a época do ano.	PDI, PTXAS e alumnado	Diario	☐
12	Promover campañas informativas sobre o uso responsable da climatización.	Decanato	Anual	☐
13	Revisar o consumo enerxético global do edificio e avaliar resultados do plan de aforro.	Administración / Mantemento	Trimestral	☐

2.2. Iluminación

En coherencia co compromiso institucional cara á sustentabilidade e o uso responsable dos recursos, a redución do consumo enerxético en iluminación constitúe tamén un aspecto fundamental dentro das políticas ambientais da Universidade de Vigo. A iluminación representa unha parte significativa do gasto enerxético nos edificios universitarios e, por tanto, unha oportunidade crave para avanzar cara a unha xestión máis eficiente e respectuosa co medio ambiente. A adopción de medidas orientadas ao aforro neste ámbito non só contribúe a diminuír o impacto ambiental derivado do consumo eléctrico, senón que reforza a idea de corresponsabilidade que debe guiar a toda a comunidade universitaria. Cada xesto cotián — apagar as luces ao abandonar unha aula, aproveitar a iluminación natural ou utilizar sistemas de baixo consumo— forma parte dun esforzo colectivo que transcende o individual e repercute positivamente no conxunto institucional.

En coherencia co anterior, a Universidade de Vigo ten ditado cunhas normas básicas que establecen as directrices xerais para un uso racional da iluminación nos distintos espazos universitarios, buscando equilibrar as necesidades funcionais de docencia, investigación e xestión co obxectivo común de reducir o consumo enerxético e avanzar cara a un modelo universitario máis sostible e comprometido coa súa contorna. As devanditas instrucións establecen que os sistemas de regulación de fluxo luminoso terán a capacidade de reducir os niveis de iluminación

polo menos nun 50 % con respecto ás condicións de iluminación nominais e que a redución do fluxo no horario indicado para iso será do 50 %, agás nas zonas cuxa redución non sexa posible ou afecte á seguridade das instalacións, entrando en funcionamento os devanditos sistemas ás 23.00 horas no inverno e ás 00.00 horas no verán, establecendo, ademais, una serie de limitacións en espazos exteriores que non sen detallan por non ser de aplicación nin da responsabilidade dos órganos de goberno da Facultade. No que aos espazos interiores se refire, indícase que sempre que sexa posible, fomentárase o traballo con luz natural e, se fose necesario, organizaranse as áreas de traballo co gallo de maximizar o aproveitamento da luz exterior, sendo responsabilidade do persoal de conserxaría revisar a iluminación nas zonas comúns para axustalas ao mínimo valor posible en función do seu uso.

O consumo enerxético asociado á iluminación constitúe, certamente, un dos aspectos máis relevantes na xestión sostible dos recursos dentro dos edificios universitarios. A luz artificial é indispensable para o desenvolvemento das actividades docentes, de investigación e de xestión administrativa, pero o seu uso ineficiente pode xerar un gasto enerxético elevado e un impacto ambiental considerable. En coherencia cos principios de sustentabilidade e corresponsabilidade asumidas pola Facultade de Historia, resulta fundamental adoptar medidas orientadas a optimizar o uso da iluminación e reducir o consumo eléctrico sen comprometer a calidade das condicións de traballo e estudo.

A Facultade, que desenvolve a súa actividade en dous espazos diferenciados —un edificio principal destinado á docencia e aos servizos administrativos, e outro que alberga os despachos do profesorado—, presenta unha diversidade de necesidades lumínicas que requiren unha xestión adaptada e racional. En ambos os casos, o obxectivo é común: fomentar un uso consciente da iluminación, aproveitando ao máximo os recursos naturais, incorporando tecnoloxías eficientes e promovendo hábitos de aforro enerxético entre todos os membros da comunidade universitaria. Como é lóxico, o aforro en iluminación non debe entenderse como unha medida illada, senón como parte integral dunha estratexia de sustentabilidade institucional. Cada acción individual contribúe a un esforzo colectivo que reforza a identidade ambiental da facultade e o seu compromiso coa protección da contorna. A participación activa de todos os sectores resulta esencial para alcanzar resultados tanxibles e sostibles no tempo.

Con esta finalidade, preséntase a continuación unha táboa de control de medidas para o aforro enerxético en iluminación, concibida como unha ferramenta práctica de seguimento e avaliación. Nela recóllense accións concretas, o seu ámbito de aplicación, a frecuencia de revisión e unha casa de verificación que facilita o control do cumprimento. Este instrumento pretende non só servir como guía operativa, senón tamén reforzar a conciencia ambiental colectiva e fomentar a implicación activa de toda a comunidade da Facultade de Historia na construción dunha contorna universitaria máis eficiente, responsable e sostible.

Nº	Medida de aforro enerxético en iluminación	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Apagar as luces ao abandonar aulas, despachos, aseos ou salas comúns.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
2	Aproveitar ao máximo a iluminación natural, mantendo persianas e cortinas abertas durante o horario diúrno.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
3	Substituír progresivamente as luminarias tradicionais por lámpadas LED de baixo consumo.	Administradora/ Servizo de mantemento	Anual	☐
4	Instalar sensores de presenza ou temporizadores en corredores, aseos e zonas comúns.	Administradora/ Servizo técnico	Semestral	☐
5	Apagar a iluminación de aulas, despachos e corredores fóra do horario de actividade docente ou laboral.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
6	Evitar acender todas as luminarias cando a luz natural sexa suficiente.	Todo o persoal e alumnado	Diario	☐
7	Comprobar que os interruptores e sistemas de control de luz funcionen correctamente e comunicar incidencias.	Persoal de conserxería / Mantemento	Semanal	☐
8	Reducir o número de luminarias acesas en zonas con baixa ocupación ou tránsito ocasional.	Persoal de conserxería	Diario	☐
9	Manter limpas as luminarias e xanelas para optimizar a eficiencia da luz emitida.	Servizo de limpeza / Mantemento	Mensual	☐
10	Evitar o uso de iluminación decorativa ou innecesaria durante o horario laboral ou docente.	Todo o persoal	Diario	☐
11	Realizar auditorías enerxéticas periódicas para avaliar o consumo e o estado do sistema de iluminación.	Administración / Mantemento	Anual	☐

12	Informar e sensibilizar á comunidade universitaria sobre as boas prácticas de aforro en iluminación.	Decanato	Anual	☐
13	Axustar a iluminación exterior (fachadas e accesos) mediante temporizadores ou sensores crepusculares.	Administradora / Servizo técnico	Anual	☐
14	Revisar e axustar a iluminación nos despachos do profesorado e o PTXAS para evitar sobreiluminación innecesaria.	Profesorado / PTXAS / Servizo técnico	Semestral	☐
15	Promover a instalación de interruptores sectorizados que permitan acender só as zonas necesarias.	Administradora / Servizo técnico	Anual	☐

3. CONSUMO RESPONSABLE DE MATERIAIS E RECURSOS

A Facultade de Historia, no marco do seu compromiso coa sustentabilidade e coa responsabilidade ambiental, promove unha cultura organizativa baseada no uso racional dos recursos dispoñibles e na redución do impacto ecolóxico derivado das súas actividades docentes, investigadoras e administrativas. Este compromiso materialízase na adopción de medidas concretas destinadas a optimizar o consumo de materiais, fomentar a reutilización e a reciclaxe, e impulsar a eficiencia enerxética en todos os ámbitos da vida universitaria. O consumo responsable de materiais e recursos constitúe un pilar esencial para a transición cara a un modelo de xestión máis sostible e consciente. Supón non só unha cuestión ambiental, senón tamén económica e educativa, pois implica sensibilizar a comunidade universitaria sobre a importancia de reducir o desperdicio, racionalizar o uso dos medios dispoñibles e adoptar hábitos máis respectuosos co medio ambiente. Deste xeito, o propio funcionamento da Facultade convértese nun exemplo práctico de responsabilidade e coherencia institucional.

A posta en práctica destas medidas require unha participación activa e coordinada de todos os colectivos que conforman a Facultade: o equipo decanal, a administración, o PTXAS, o persoal docente e investigador (PDI) e o estudiantado. Cada un destes grupos desempeña un papel esencial na implementación e seguimento das accións propostas, ben a través da aplicación directa de boas prácticas, ben mediante a supervisión e avaliación dos resultados obtidos. O presente apartado recolle un conxunto de liñas de acción e medidas verificables que procuran

reducir o consumo de recursos materiais e mellorar a eficiencia dos equipos e infraestruturas dispoñibles. As propostas están estruturadas en dous subapartados principais:

- **3.1 Redución do consumo de papel**, centrado na diminución do uso deste material mediante a dixitalización dos procesos, a racionalización das impresións e a promoción de hábitos de traballo máis sostibles.
- **3.2 Uso eficiente de equipos ofimáticos**, orientado á optimización do funcionamento e mantemento dos dispositivos tecnolóxicos e á redución do consumo enerxético asociado ao seu uso.

Estas accións pretenden consolidar un modelo de funcionamento máis respectuoso co medio, contribuíndo aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e reforzando o papel da Facultade de Historia como espazo de innovación, responsabilidade e compromiso ambiental dentro da Universidade de Vigo.

3.1 Redución do consumo de papel

Nos últimos anos, a Facultade de Historia avanzou de maneira significativa cara a unha xestión máis sostible grazas á incorporación progresiva de ferramentas dixitais que permitiron reducir o uso de papel nos distintos ámbitos da súa actividade. O emprego habitual do Campus Remoto e, especialmente, da plataforma Moovi, consolidouse como unha alternativa eficaz para a docencia, a comunicación e a tramitación académica, facilitando a distribución de materiais, a entrega de traballos e a avaliación en formato electrónico. Este proceso de dixitalización contribuíu de maneira notable a minimizar a necesidade de impresións e copias físicas, demostrando que a modernización tecnolóxica é tamén unha vía para o aforro e a sustentabilidade. A redución do consumo de papel non debe entenderse unicamente como unha medida técnica, senón como unha transformación nos hábitos e na cultura organizativa da Facultade. Supón reforzar unha conciencia ambiental compartida, baseada na responsabilidade individual e colectiva, que permita avanzar cara a un modelo de traballo máis limpo, eficiente e coherente cos principios de sustentabilidade que orientan a Universidade de Vigo.

Neste sentido, o obxectivo principal deste apartado é fomentar un uso racional e consciente do papel, priorizando a comunicación electrónica, a almacenaxe dixital e a reutilización dos materiais impresos cando sexa posible. As accións propostas pretenden consolidar o uso das plataformas dixitais xa existentes, reducir impresións innecesarias, promover a impresión a dobre cara como estándar e favorecer o uso de papel reciclado nos casos en que a impresión resulte imprescindible. Para acadar estes obxectivos, resulta esencial o compromiso activo de toda a comunidade universitaria —persoal docente e investigador (PDI), persoal de administración e servizos (PTXAS), estudantado e equipo decanal—, así como o seguimento periódico das medidas adoptadas. A Facultade de Historia comprométese, así, a continuar reforzando as boas prácticas e a impulsar novas accións que consoliden a transición cara a un modelo de xestión sostible, dixital e participativo.

A continuación preséntase unha listaxe de medidas destinadas a fomentar o consumo racional e responsable do papel na Facultade de Historia da Universidade de Vigo. Estas accións teñen como obxectivo promover o uso de ferramentas dixitais, reducir impresións innecesarias e consolidar boas prácticas no ámbito administrativo, docente e estudantil.

Nº	Medida de aforro de papel	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Fomentar o uso de documentos dixitais para comunicacións internas e externas.	Administración / Todo o persoal	Semestral	☐
2	Utilizar a plataforma Moovi para a entrega, avaliación e difusión de materiais docentes.	Profesorado / Estudantado	Cada semestre	☐
3	Configurar as impresoras para impresión a dobre cara e formato borrador por defecto. Imprimir utilizando a opción "2 páxinas por folia" cando sexa posible.	Servizo informático / PTXAS e PDI	Mensual	☐
4	Evitar impresións múltiples de documentos accesibles en formato dixital e revisar os textos no PC, a través da vista previa ou a través do corrector ortográfico, antes de dar a orde de impresión, para evitar imprimir documentos con erros.	Todo o persoal / Estudantado	Continuo	☐

5	Reutilizar papel impreso por unha soa cara para notas ou borradores.	PTXAS / PDI / Estudantado	Continuo	☐
6	Reducir a distribución en papel de convocatorias, avisos ou anuncios.	Administradora / PTXAS / Decanato	Mensual	☐
7	Empregar papel reciclado e con certificación ecolóxica en caso de impresión necesaria.	Administradora / PTXAS / Decanato	Semestral	☐
8	Promover o uso de sinaturas electrónicas e formularios dixitais.	Administradora / PTXAS / Decanato	Semestral	☐
9	Minimizar o uso de fotocopias en procesos de avaliación e docencia.	Profesorado / Estudantado	Cada curso	☐
10	Fomentar o uso de pantallas e proxectores en lugar de materiais impresos en reunións ou clases.	PDI	Trimestral	☐
11	Revisar periodicamente os niveis de consumo de papel por unidade administrativa.	Administradora / PTXAS	Trimestral	☐
12	Difundir campañas de sensibilización sobre o consumo responsable de papel.	Decanato / PTXAS	Anual	☐
13	Eliminar progresivamente os arquivos impresos substituíndoos por repositorios dixitais.	Administradora / PTXAS / Decanato	Anual	☐
14	Priorizar a lectura e corrección de traballos en formato dixital.	Profesorado / Estudantado	Cada semestre	☐
15	Facilitar o acceso a escáneres para dixitalizar documentos e evitar copias físicas.	Administradora / Decanato	Semestral	☐

3.2 Uso eficiente de equipos ofimáticos

O uso eficiente dos equipos ofimáticos é un dos piares fundamentais para avanzar cara a un modelo de Facultade máis sostible e comprometido co medio ambiente. A xestión responsable destes bens —ordenadores, impresoras, escáneres, fotocopadoras, proxectores e demais dispositivos— non só contribúe a reducir o consumo enerxético, senón tamén a prolongar a súa vida útil e a minimizar a xeración de residuos electrónicos. Nun contexto no que a actividade universitaria depende cada vez máis das tecnoloxías da información, a sustentabilidade pasa necesariamente por un uso racional e consciente destes recursos.

A Facultade de Historia entende que a sustentabilidade non é só unha cuestión de medios técnicos, senón tamén de **hábitos e actitudes**. O modo en que se utilizan, manteñen e substitúen os equipos ofimáticos ten un impacto directo na eficiencia global da institución. Un comportamento responsable implica, por exemplo, evitar deixar dispositivos acesos cando non se usan, compartir impresoras e escáneres sempre que sexa posible, empregar configuracións de baixo consumo e aplicar criterios de compra baseados na eficiencia enerxética e na durabilidade dos equipos.

Esta concepción sostible dos recursos materiais require tamén **planificación, coordinación e sensibilización**. O mantemento preventivo dos dispositivos, a actualización ordenada dos equipos máis antigos, o control do consumo enerxético e a formación do persoal e do alumnado en boas prácticas tecnolóxicas son accións clave para garantir unha utilización máis eficiente e respectuosa co medio. O obxectivo final é que cada persoa integrante da comunidade universitaria da nosa Facultade asuma un papel activo na preservación dos recursos comúns. O uso responsable dos equipos ofimáticos, unido a unha xestión institucional orientada á eficiencia, permitirá reducir a pegada ecolóxica da Facultade e consolidar un modelo de traballo sustentable, moderno e coherente cos valores de responsabilidade ambiental da Universidade de Vigo.

Co obxectivo de avanzar nesta dirección, establécese a seguinte táboa de medidas destinadas a promover o uso responsable e racional dos equipos ofimáticos. Estas accións pretenden optimizar o consumo enerxético, mellorar o mantemento dos dispositivos, fomentar hábitos de uso sostible e garantir unha maior durabilidade dos bens comúns. O cumprimento e seguimento destas medidas será responsabilidade compartida de toda a comunidade universitaria, baixo a coordinación do equipo decanal e o apoio dos servizos técnicos correspondentes.

Nº	Medida de eficiencia no uso de equipos ofimáticos	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	 Verificación
1	Apagar ordenadores, pantallas e impresoras ao finalizar a xornada laboral, durante o xantar e as xuntanzas ou ausencias de máis de 1 hora.	Todo o persoal e estudantado	Diario	☐
2	Configurar os equipos para entrar en modo suspensión tras períodos de inactividade. Configurar o salvapantallas	Servizo informático / Todo o persoal	Mensual	☐

	en modo "Black Screen e desconectar os equipos da corrente de alimentación.			
3	Fomentar o uso compartido de impresoras, escáneres e fotocopadoras por unidades ou departamentos.	Administradora / PTXAS	Trimestra	☐
4	Priorizar o uso de portátiles e equipos de baixo consumo enerxético fronte a sobremesas tradicionais.	Administradora / PDI e PTXAS	Anual	☐
5	Substituír progresivamente os equipos antigos por modelos con certificación enerxética eficiente.	Administradora / Decanato	Anual	☐
6	Promover o uso de fontes de alimentación e cargadores certificados para evitar sobreconsumo.	PTXAS / PDI / Estudiantado	Semestral	☐
7	Evitar impresións innecesarias e realizar revisións previas en pantalla.	Todo o persoal e estudiantado	Continuo	☐
8	Manter limpos e ventilados os equipos para mellorar o seu rendemento e durabilidade.	PTXAS / Servizo técnico	Trimestral	☐
9	Formar ao persoal e alumnado en boas prácticas de aforro enerxético e mantemento de equipos.	Administradora / Decanato	Semestral	☐
10	Evitar conectar dispositivos electrónicos cando non sexa necesario (por exemplo, proxectores, impresoras).	Todo o persoal	Continuo	☐
11	Instalar software de control e monitorización do consumo enerxético dos equipos.	Servizo informático / Administración	Anual	☐
12	Revisar e optimizar periodicamente a configuración dos equipos e periféricos para reducir consumo.	Servizo informático	Trimestral	☐
13	Recoller e xestionar axeitadamente os residuos electrónicos e cartuchos de tinta.	Administradora / Servizo técnico	Trimestral	☐
14	Promover o uso de dispositivos multifunción para reducir o número de equipos activos.	Administradora / Decanato	Semestral	☐
15	Incorporar criterios ambientais nas novas adquisicións de equipos e material informático.	Administradora / Decanato	Anual	☐

4. XESTIÓN DE RESIDUOS E RECICLAXE

A xestión axeitada dos residuos é un dos piares básicos de calquera estratexia de sustentabilidade institucional. Na Facultade de Historia da Universidade de Vigo, a redución, separación e reciclaxe dos residuos xerados constitúen unha prioridade para minimizar o impacto ambiental derivado das actividades docentes, investigadoras e administrativas. A adopción de prácticas responsables neste eido contribúe non só á protección do medio, senón tamén á educación ambiental da comunidade universitaria, que debe asumir un papel activo e exemplarizante neste proceso. O obxectivo deste apartado é establecer criterios e medidas que garantan unha xestión integral e sostible dos residuos producidos na Facultade. Isto inclúe desde a separación selectiva dos materiais ata a redución da súa xeración, pasando pola reutilización e o fomento dunha cultura de consumo responsable. A colaboración coordinada entre o decanato, a administradora, o PTXAS, o PDI e o estudantado resulta imprescindible para o correcto funcionamento deste sistema.

A Facultade comprométese a dotar os espazos comúns de puntos de recollida selectiva ben identificados, a promover campañas de sensibilización e a revisar periodicamente o cumprimento das medidas adoptadas. Así mesmo, traballarase en coordinación cos servizos centrais da Universidade de Vigo para garantir a correcta retirada e tratamento dos residuos, de acordo coa normativa ambiental vixente. A posta en práctica destas accións permitirá avanzar cara a un modelo de xestión sostible, reducindo significativamente o volume de residuos non reciclables e reforzando o compromiso institucional coa sustentabilidade, a responsabilidade compartida e o respecto polo medio.

4.1 Reciclaxe de papel e cartón

O papel e o cartón constitúen unha das principais fraccións de residuos xerados na Facultade de Historia debido ás actividades administrativas e docentes. A súa correcta separación e reciclaxe é un paso esencial para pechar o ciclo de consumo responsable iniciado coa redución do uso do papel. Ademais de contribuír á conservación dos recursos naturais, a reciclaxe deste tipo de materiais permite diminuír a cantidade de refugallos destinados a vertedoiros e reducir as emisións asociadas á produción de novo papel. A Facultade promoverá a colocación de

contedores específicos para papel e cartón nos principais espazos da súa competencia, coidando de que sexa facilmente accesibles. Así mesmo, fomentárase a implicación de todo o persoal e do estudantado na separación selectiva dos residuos e na súa entrega nos puntos establecidos.

A reciclaxe de papel e cartón debe entenderse como unha responsabilidade colectiva que require constancia, información e compromiso. Por iso, a administración e o decanato comprométense a realizar **campañas de sensibilización periódicas** e a revisar a eficacia dos puntos de recollida, recompilando, asemade, información sobre o volume de residuos reciclados. Deste xeito, preténdese consolidar unha práctica sostible que reduza o impacto ambiental e sirva de exemplo para o conxunto da Universidade de Vigo. Tendo en conta a estrutura organizativa da Facultade —un edificio principal onde se imparte docencia e traballa o PTXAS, e outro no que se localizan os despachos individuais do profesorado (PDI)—, as medidas que se recollen a continuación adáptanse a ambos espazos e requiren da colaboración activa de todos os sectores que conforman a nosa comunidade.

Nº	Medida para potenciar a reciclaxe de papel e cartón	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Colocar colectores específicos para papel e cartón nas zonas axeitadas para a recollida.	Administradora / Decanato / Servizo de limpeza / PTXAS	Permanente	☐
2	Revisar periodicamente o estado e a ubicación dos colectores para garantir a súa accesibilidade e uso axeitado.	Administradora / PTXAS	Mensual	☐
3	Asegurar a recollida e baleirado regular dos colectores por parte do servizo de limpeza ou da empresa contratada.	Administradora / Servizo de limpeza / Empresa mantemento	Semanal	☐
4	Evitar a mestura de papel e cartón con outros refugallos (orgánicos ou plásticos) nas papeleiras de uso común.	Todo o persoal e estudantado	Diario	☐
5	Reutilizar follas impresas por unha soa cara para borradores, notas internas ou documentos temporais.	PDI / PTXAS / Estudiantado	Diario	☐

6	Fomentar a dixitalización de documentos administrativos e materiais docentes para reducir o uso de papel.	Administradora / PTXAS / PDI / Decanato	Semestral	☐
7	Instalar carteis e recordatorios sobre a separación correcta do papel e cartón nas zonas de traballo e estudo.	PTXAS / Administradora / Decanato	Mensual	☐
8	Promover campañas de sensibilización dirixidas ao estudantado e ao persoal sobre a importancia da reciclaxe.	Administradora / Decanato /	Anual	☐
9	Comprobar que o papel usado en impresoras e fotocopiadoras sexa reciclado ou conte con certificacións sostibles (FSC ou similar) sempre e cando sexa compatible cos equipos instalados.	Administradora / PTXAS / Empresa mantemento	Semestral	☐
10	Avaliar o consumo de papel nas áreas administrativas e docentes, establecendo obxectivos de redución anual.	Administradora / Decanato	Anual	☐
11	Asegurar que as caixas e materiais de cartón xerados en envíos ou subministracións se depositen nos puntos de reciclaxe correspondentes.	Administradora / Empresa contratada	Mensual	☐
12	Habilitar un espazo temporal de almacenamento para cartón voluminoso antes da súa recollida pola empresa xestora.	Administradora / PTXAS	Semanal	☐
13	Reducir a impresión de documentos institucionais, priorizando o uso de plataformas dixitais e sinaturas electrónicas.	Administradora / PTXAS / Decanato / PDI	Permanente	☐
14	Configurar por defecto as impresoras a dobre cara e en modo de aforro de tinta.	PTXAS / Servizo técnico	Mensual	☐
15	Coordinar co servizo de limpeza ou coa empresa de xestión de refugallo o seguimento das cantidades recicladas.	Administradora	Semestral	☐
16	Promover a reutilización de carpetas, archivadores e sobres en bo estado para reducir o consumo de material novo.	Decanato / PTXAS / PDI	Trimestral	☐
17	Garantir que os despachos ou cando menos as zonas comúns do profesorado dispoñan de papeleiras diferenciadas para papel e refugallo comúns.	Administradora / PDI / Decanato	Semestral	☐
18	Avaliar os avances na redución do consumo de papel e mellora da reciclaxe na facultade.	Administradora	Anual	☐

4.2 Reciclaxe de tóner e cartuchos de impresora

A xestión responsable dos residuos electrónicos, e en particular dos consumibles de impresión como tóner e cartuchos de impresora, constitúe un aspecto fundamental dentro das políticas de sustentabilidade das institucións universitarias. A Facultade de Historia da Universidade de Vigo en Ourense, como centro académico que integra actividades de docencia, investigación e xestión administrativa, xera diariamente unha cantidade significativa de residuos procedentes do seu uso de impresoras, fotocopiadoras e outros dispositivos de impresión. Estes consumibles conteñen materiais que, se non se xestionan adecuadamente, poden provocar impactos ambientais negativos, incluíndo contaminación de chan e augas e a liberación de substancias químicas perigosas.

A reciclaxe de tóner e cartuchos non só contribúe á protección do medio ambiente, senón que tamén promove unha cultura institucional de responsabilidade e corresponsabilidade entre o persoal docente e investigador, o alumnado e o persoal de administración e servizos. Implementar un sistema eficiente de recollida, segregación e envío a puntos de reciclaxe homologados permite reducir a pegada ambiental da facultade, optimizar recursos e cumprir coa normativa vixente en materia de xestión de residuos electrónicos. Ademais, estas prácticas facilitan a sensibilización de toda a comunidade universitaria sobre a importancia do consumo responsable e da economía circular, reforzando a idea de que a sostenibilidade ambiental non é responsabilidade exclusiva dunha persoa ou departamento, senón un obxectivo compartido.

Neste contexto, o establecemento de procedementos claros para a reciclaxe de tóner e cartuchos debe considerarse unha medida prioritaria, na que o decanato exerce un papel de dirección e coordinación, a administradora garante a correcta implementación e supervisión, o persoal técnico e de servizos asegura a recollida e depósito adecuado, e o alumnado e o PDI participan activamente seguindo as indicacións e campañas de sensibilización. Esta colaboración transversal permite non só minimizar os impactos ambientais negativos, senón tamén converter a

Facultade de Historia nun referente en materia de xestión responsable de consumibles de impresión dentro da Universidade de Vigo.

Nº	Medidas para a reciclaxe de tóner e cartuchos de impresora	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Recollida de cartuchos e tóner usados en puntos específicos da Facultade.	PTXAS / Puntos de recollida	Diario	☐
2	Almacenamento temporal seguro de cartuchos e tóner antes da reciclaxe.	PTXAS / Almacén de residuos	Semanal	☐
3	Contratación de empresas homologadas de reciclaxe de consumibles.	Administradora	Anual	☐
4	Creación dun rexistro de envío de tóner e cartuchos para reciclaxe.	Administradora	Mensual	☐
5	Campañas de sensibilización para alumnado e PDI sobre reciclaxe.	Decanato	Anual	☐
6	Formación ao PTXAS sobre manexo seguro e reciclaxe de consumibles.	Xerencia / Administradora	Anual	☐
7	Revisar e actualizar procedementos de reciclaxe segundo normativa vixente.	Administradora / Decanato	Anual	☐
8	Segregación de tóner e cartuchos por tipo e fabricante.	PTXAS / Puntos de recollida	Semanal	☐
9	Control visual do estado dos consumibles antes do envío a reciclaxe.	PTXAS / Almacén	Mensual	☐
10	Seguimento de certificados de reciclaxe emitidos pola empresa externa.	Administradora	Trimestral	☐
11	Fomento do uso de cartuchos recargables ou reciclados.	Decanato / PDI e PTXAS	Continuo	☐
12	Avaliación periódica do volume de consumibles reciclados.	Administradora	Semestral	☐
13	Informes anuais sobre a reciclaxe de consumibles e impactos ambientais.	Administradora	Anual	☐
14	Incorporación de indicacións visuais e sinalización nos puntos de recollida.	Administradora / Decanato	Mensual	☐
15	Integración da reciclaxe de tóner no plan xeral de sustentabilidade da Facultade.	Decanato / Administradora	Anual	☐

4.3 Reciclaxe de residuos electrónicos (RAEE)

A xestión responsable dos residuos electrónicos, coñecidos como RAEE (Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos), constitúe un aspecto fundamental dentro das políticas de sustentabilidade das institucións universitarias. A Facultade de Historia da Universidade de Vigo en Ourense, como centro que integra actividades de docencia, investigación e xestión administrativa, utiliza diariamente numerosos dispositivos electrónicos, desde ordenadores e impresoras ata proxectores, monitores e equipos de laboratorio, xerando así residuos electrónicos que, se non se xestionan de forma adecuada, poden causar impactos ambientais significativos, incluíndo a liberación de substancias perigosas ao chan e ás augas, así como a contribución á contaminación e á acumulación de materiais non biodegradables.

A reciclaxe de RAEE non só minimiza os efectos negativos sobre o medio ambiente, senón que tamén promove unha cultura de responsabilidade e corresponsabilidade entre toda a comunidade universitaria, incluíndo alumnado, persoal docente e investigador, e o persoal de administración e servizos. A implementación de procedementos claros para a recollida, segregación e envío destes residuos a puntos de reciclaxe autorizados permite optimizar recursos, cumprir coa normativa vixente en materia de residuos electrónicos e favorecer a economía circular, recuperando materiais reutilizables e reducindo a pegada ecolóxica da facultade.

Neste contexto, a implicación de todos os actores da facultade é esencial. O decanato debe liderar a coordinación e planificación estratéxica, a administradora garantir a correcta execución e supervisión das accións, o PTXAS encargarse da recollida e depósito seguro dos residuos, e o alumnado e o PDI participar activamente seguindo as indicacións e campañas de sensibilización. Esta colaboración transversal non só permite reducir os impactos ambientais dos RAEE, senón tamén transformar a Facultade de Historia nun referente en xestión responsable de residuos electrónicos dentro da Universidade de Vigo, fomentando hábitos de consumo responsable e fortalecendo a conciencia ambiental de toda a comunidade universitaria.

Nº	Medidas para a reciclaxe de residuos electrónicos (RAEE)	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Recollida de equipos electrónicos en puntos específicos da Facultade.	PTXAS / Puntos de recollida	Diario	☐

Nº	Medidas para a reciclaxe de residuos electrónicos (RAEE)	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
2	Almacenamento seguro de RAEE antes da entrega a empresas de reciclaxe.	PTXAS / Almacén de residuos	Semanal	☐
3	Contratación de empresas homologadas de reciclaxe de RAEE.	Administradora	Anual	☐
4	Creación dun rexistro de envío de RAEE para reciclaxe.	Administradora	Mensual	☐
5	Campañas de sensibilización para alumnado e PDI sobre reciclaxe de RAEE	Decanato	Anual	☐
6	Formación ao PTXAS sobre manexo seguro e reciclaxe de dispositivos electrónicos.	Xerencia / Administradora	Anual	☐
7	Revisar e actualizar procedementos de reciclaxe segundo normativa vixente.	Administradora / Decanato	Anual	☐
8	Segregación de RAEE por tipo (ordenadores, impresoras, monitores, outros).	PTXAS / Puntos de recollida	Diario	☐
9	Control visual do estado dos equipos antes do envío a reciclaxe.	PTXAS	Mensual	☐
10	Seguimento de certificados de reciclaxe emitidos pola empresa externa.	Administradora	Semestral	☐
11	Fomento da reutilización ou doazón de equipos en bo estado.	Decanato / PDI e alumnado	Continuo	☐
12	Avaliación periódica do volume de RAEE reciclados.	Administradora	Semestral	☐
13	Informes anuais sobre a reciclaxe de RAEE e impactos ambientais.	Administradora	Anual	☐
14	Incorporación de sinalización clara nos puntos de recollida de RAEE.	Administradora / Decanato	Mensual	☐
15	Integración da reciclaxe de RAEE no plan xeral de sustentabilidade da Facultade.	Administradora / Decanato	Anual	☐

5. USO E XESTIÓN EFICIENTE DA AUGA

A auga é un recurso esencial para a vida e a súa xestión eficiente constitúe un desafío fundamental tamén no ámbito universitario. As universidades, como organizacións complexas con múltiples funcións, xeran un consumo significativo de auga nas súas instalacións. A Facultade de Historia da Universidade de Vigo en Ourense, aínda que non realiza procesos de elevado consumo

hídrico, presenta ámbitos nos que a utilización responsable da auga pode supoñer importantes beneficios económicos, ambientais e educativos. Implementar un plan de xestión eficiente da auga non só contribúe á sustentabilidade ambiental, senón que tamén promove a responsabilidade social da institución e o compromiso de toda a comunidade universitaria coa conservación dos recursos naturais.

A redución do consumo de auga permite diminuír a presión sobre os recursos hídricos locais, contribúe ao cumprimento de obxectivos de sustentabilidade a nivel nacional e internacional e facilita a optimización dos custos asociados tanto ao abastecemento como ao tratamento de augas residuais. Así mesmo, un uso responsable da auga garante o cumprimento das normativas vixentes e reduce riscos asociados a interrupcións na subministración ou a fallos nas instalacións, asegurando a continuidade das actividades académicas e administrativas. A universidade, ademais, constitúe un espazo de formación no que a promoción de hábitos responsables e dunha cultura ambiental serve de exemplo e influencia positiva sobre estudantes, docentes e persoal administrativo.

A efectividade dun plan de xestión da auga require ter en conta a estrutura interna da Facultade de Historia. O decano, como responsable da dirección estratéxica, debe apoiar institucionalmente a iniciativa e asignar os recursos necesarios. A administradora, encargada da xestión operativa e económica, coordina a implementación das medidas e supervisa as inversións. O persoal técnico, de xestión, administración e servizos executa diariamente as accións propostas, mantén as instalacións e controla os consumos. O persoal docente e investigador promove boas prácticas, integra contidos de sustentabilidade na docencia e participa en proxectos de investigación relacionados. Finalmente, o alumnado adopta hábitos responsables, participa en campañas de sensibilización e contribúe con propostas innovadoras para a redución do consumo de auga.

Entre os principais ámbitos de consumo da facultade destacan os aseos e servizos hixiénicos, as máquinas expendedoras, a limpeza de instalacións e mantemento, así como as oficinas e despachos. Implementar medidas de eficiencia nestes espazos permite non só reducir o consumo e os custos, senón tamén diminuír a pegada ambiental, fortalecer a cultura institucional de sustentabilidade, mellorar a imaxe da facultade e contribuír aos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo e da sociedade en xeral.

En conclusión, a xestión eficiente da auga na Facultade de Historia representa unha medida estratéxica que integra sustentabilidade ambiental, eficiencia económica, educación e cumprimento normativo, e require a corresponsabilidade activa de toda a comunidade universitaria para lograr resultados efectivos e sostibles no tempo.

Nº	Medida de aforro e xestión eficiente da auga	Responsable / ámbito de aplicación	Frecuencia ou momento de control	☒ Verificación
1	Instalación de billas de baixo consumo nos aseos.	Administradora	Revisión anual	☐
2	Colocación de mecanismos de descarga dual en inodoros.	Administradora	Revisión anual	☐
3	Campañas de sensibilización para alumnado e PDI sobre aforro de auga.	Decanato	Anual	☐
4	Revisión e mantemento periódico de tubaxes e billas para detectar fugas.	PTXAS / Servizo de mantemento	Mensual	☐
5	Uso de cubetas ou sistemas eficientes no lavado de utensilios de limpeza.	Administradora / Servizo de limpeza	Diario	☐
6	Control do rego en xardíns e zonas verdes con sensores ou temporizadores.	Administradora / Servizo de xardinería	Mensual	☐
7	Instalación de dispensadores de auga en lugar de botellas de plástico.	Administradora / Decanato	Revisión trimestral	☐
8	Fomento do uso responsable de lavabos nos aseos.	Administradora / Decanato	Anual	☐
9	Revisión do consumo de auga en oficinas e despachos.	Administradora / PTXAS	Mensual	☐
10	Formación anual ao PTXAS sobre prácticas de aforro de auga e mantemento eficiente.	Administradora	Anual	☐
11	Implementación de indicadores de consumo de auga por áreas para seguimento.	Administradora	Trimestral	☐
12	Promoción de reutilización de auga para limpeza de pavimentos e exteriores.	Administradora / Servizo de Xardinería	Semanal	☐
13	Verificación periódica de fugas en conexións de máquinas de café e dispensadores.	PTXAS / Servizo de máquinas dispensadoras	Mensual	☐
14	Creación dun calendario de control do consumo de auga con responsabilidades asignadas.	Administradora	Anual	☐

6. FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN

A integración real dunha cultura de aforro enerxético e reciclaxe na Facultade de Historia non pode depender unicamente de instrucións técnicas ou campañas puntuais de difusión, senón que require dun proceso continuo de formación, autoconcienciación e participación compartida por todos os sectores que conforman a comunidade universitaria. A sustentabilidade non se impón, constrúese, e faino a través da corresponsabilidade: da capacidade de cada quen para recoñecer o impacto das súas accións e asumir un compromiso activo co ben común.

Neste sentido, as accións formativas e de sensibilización deben artellarse en distintos niveis institucionais, en función das competencias e capacidades de cada órgano. Correspóndelle ás Vicerreitorías competentes en materia de formación dos diferentes sectores da comunidade universitaria a responsabilidade de articular políticas transversais de formación e concienciación ambiental para o conxunto da Universidade de Vigo. Estas deben ir máis alá de simples mensaxes informativas e articularse como procesos formativos integrados: xornadas de boas prácticas, obradoiros abertos, recursos dixitais formativos ou campañas de visualización de datos sobre consumos e impacto ambiental real. A súa responsabilidade, en definitiva, é proporcionar ferramentas e contidos que poidan ser asumidos polas facultades e centros como referencia común e marco ético compartido.

Á Xerencia e, particularmente, á Administradora do Campus, correspóndelles promover e facilitar a formación técnica específica do PTXAS. Son quen deben garantir que o persoal dispoña da capacitación necesaria para aplicar criterios de eficiencia no seu traballo cotián, coñecer o funcionamento dos sistemas de aforro e reciclaxe implantados e detectar problemas ou ineficiencias na súa execución. A formación do PTXAS, cando é efectiva e contextualizada, actúa como unha ponte esencial entre as políticas ambientais e a súa concreción práctica, xa que boa parte da implementación diaria das medidas propostas depende precisamente deste colectivo. O decanato, sen contar con competencia directa nesta materia, pode colaborar na súa dinamización, ben trasladando peticións de formación específicas para o persoal adscrito á Facultade, ben promovendo que este colectivo se implique activamente en solicitar accións formativas dirixidas.

O decanato da Facultade de Historia ten, pola súa banda, a capacidade de impulsar dinámicas de participación e sensibilización propias, máis próximas e contextualizadas. Pode convocar obradoiros ou seminarios sobre boas prácticas ambientais dirixidos ao estudantado e ao profesorado, dinamizar campañas de visibilización de hábitos responsables ou promover espazos de reflexión colectiva. Non obstante, convén ser críticos co alcance real das campañas tradicionais de sensibilización. A experiencia demostra que moitas veces este tipo de accións –cartelería, mensaxes institucionais ou recomendacións xerais– teñen un efecto limitado se non veñen acompañadas dunha auténtica implicación persoal e dunha cultura compartida que dea sentido ás condutas promovidas. Non é o que se di o que transforma os hábitos, senón o que se fai: resulta moito máis eficaz ver que outro compañeiro apaga as luces ao saír dunha aula ou reutiliza papel nas súas impresións que recibir un correo electrónico con instrucións xenéricas. A práctica visible, o exemplo concreto e sostido no tempo, xera máis conciencia que calquera campaña puntual. A acción responsable dun membro da comunidade pode inspirar a outro e así, mediante cadeas pequenas pero reais, construírse unha dinámica colectiva de cambio.

Neste proceso, o papel do PTXAS, do PDI e do estudantado é insubstituíble. Cada un destes colectivos debe exercer, desde a súa propia posición, un papel activo na incorporación das medidas propostas e na promoción dun modelo sostible. O PTXAS, como executor habitual de moitas tarefas de mantemento e soporte, ten un coñecemento privilexiado das rutinas institucionais e pode detectar e propoñer melloras valiosas. O profesorado, pola súa banda, ademais de incorporar boas prácticas no uso dos espazos e recursos, pode exercer unha influencia significativa a través do seu exemplo diario e mesmo integrar contidos de reflexión ambiental nas súas actividades docentes, especialmente nunhas disciplinas como a Historia ou a Xeografía, que permiten vincular pasado, presente e futuro desde unha perspectiva crítica. O estudantado, finalmente, debe ser recoñecido non como destinatario pasivo de campañas, senón como suxeito activo da transformación. A súa capacidade de mobilización, innovación e comunicación representa unha oportunidade para dinamizar o cambio cultural que se persegue, sempre que se lle ofrezan canles reais de participación e capacidade de proposta.

A formación e a sensibilización son, pois, tarefas compartidas. Cada nivel institucional debe asumir as súas responsabilidades e, sobre todo, favorecer que cada persoa se recoñeza como parte dun todo e se implique na construción diaria dun modelo de facultade respectuoso,

eficiente e responsable. Non hai maior campaña de concienciación que unha comunidade que actúa con coherencia, que se observa, que se aprende mutuamente e que entende que os cambios estruturais comezan polo que cada quen decide facer, sen escusas, cada día.

7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

A eficacia dun programa de aforro enerxético e reciclaxe non depende unicamente do deseño das súas medidas, senón da capacidade da institución para avaliar periodicamente o seu cumprimento, medir os avances e introducir melloras continuas a partir da experiencia. Avaliar non é un trámite administrativo, senón un exercicio de aprendizaxe colectiva que permite corrixir desviacións, reforzar boas prácticas e manter vivo o compromiso adquirido pola comunidade universitaria coa sustentabilidade. O seguimento debe entenderse, pois, como un proceso compartido, baseado na corresponsabilidade e na transparencia, no que cada sector da Facultade de Historia –desde o decanato ata o alumnado– participa activamente na observación, rexistro e interpretación dos resultados.

A estrutura de avaliación e seguimento artéllase en tres niveis complementarios. O primeiro, de carácter institucional, corresponde á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, que coordina o conxunto de políticas ambientais da Universidade de Vigo e debe establecer as directrices comúns para o control dos consumos enerxéticos e a xestión dos residuos en todos os centros. A través dos seus servizos técnicos e da Área de Servizos Enerxéticos, recollerá periodicamente os datos procedentes dos campus, elaborará informes comparativos e definirá indicadores que permitan avaliar a eficacia das medidas aplicadas. Correspóndelle tamén emitir recomendacións e propoñer axustes de alcance global cando se detecten patróns de ineficiencia ou boas prácticas susceptibles de seren replicadas.

O segundo nivel de avaliación corresponde á Xerencia e á Administración do Campus, que actúan como enlace operativo entre a planificación central e a realidade dos centros. A súa responsabilidade principal é verificar o cumprimento das medidas nos ámbitos infraestruturais e técnicos, supervisar a aplicación dos protocolos de aforro e reciclaxe e canalizar as incidencias detectadas polo PTXAS, polo profesorado ou polo estudantado. O seguimento técnico dos

consumos de electricidade, calefacción, iluminación e auga, así como a monitorización dos residuos recollidos e reciclados, constitúen instrumentos fundamentais para avaliar con rigor o impacto do programa. A Administradora do Campus deberá, ademais, consolidar e custodiar os rexistros que alimentan as táboas de verificación incluídas no presente plan, funcionando como eixo documental e de control interno. Estes rexistros servirán de base para elaborar informes periódicos –como mínimo anuais– que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos e a evolución dos indicadores establecidos.

O terceiro nivel, de carácter interno e participativo, corresponde á Facultade de Historia e aos seus órganos directivos, así como á comisión de calidade, que tamén debe actuar neste punto como espazo de coordinación, reflexión e mellora continua, recollendo observacións, detectando problemas recorrentes e propoñendo solucións ou adaptacións. A súa función non é sancionadora nin meramente burocrática, senón formativa e proactiva: servir de punto de encontro entre a dimensión técnica e a implementación práctica do plan.

A avaliación, neste marco, non debe limitarse tanto a contabilizar porcentaxes de cumprimento, senón que debe integrar fundamentalmente unha dimensión cualitativa. É necesario analizar non só se se realizan as accións previstas, senón de que modo, con que grao de implicación e con que resultados perceptibles en termos de cultura organizativa. A redución dos consumos é un indicador obxectivo, mais o verdadeiro éxito do programa reside na consolidación de hábitos e actitudes sostibles. Por iso, o proceso de seguimento debe incluír mecanismos de autoavaliación en cada colectivo, permitindo que o PTXAS, o profesorado e o alumnado reflexionen sobre as súas propias prácticas e compartan propostas de mellora. Neste sentido, as táboas de check control recollidas nos distintos capítulos do plan constitúen unha ferramenta esencial: a súa revisión regular facilita a detección de incumprimentos, a identificación de tendencias e a valoración inmediata do grao de compromiso individual e colectivo.

O Decanato, como órgano de goberno da Facultade, é responsable último de asegurar que o seguimento do programa non se converta nun exercicio rutineiro. Debe promover unha avaliación viva, que retroalimente o proceso de aprendizaxe e estimule a implicación da comunidade. Para iso poderá canalizar os resultados das revisións a través da Xunta de Facultade, difundir os informes anuais e dar visibilidade tanto aos progresos como ás boas prácticas detectadas, promovendo un efecto exemplarizante que contribúa á autoconcienciación xeral. A

transparencia dos resultados e a comunicación dos avances non teñen só unha función informativa, senón pedagóxica: permiten que cada persoa recoñeza o impacto das súas accións e valore a importancia do seu papel dentro dun proxecto común.

En definitiva, a avaliación e o seguimento do Programa de Aforro Enerxético e Reciclaxe da Facultade de Historia deben entenderse como un proceso continuo, dinámico e compartido, no que a información técnica se combina coa reflexión colectiva. O éxito do plan dependerá menos da cantidade de informes xerados que da capacidade da comunidade universitaria para interiorizar os seus principios e facer deles unha práctica sostida. A avaliación, así concebida, non é un punto final, senón un instrumento de mellora constante que mantén vivo o compromiso coa sustentabilidade e garante a coherencia entre os valores proclamados e as accións cotiás de quen integra a Facultade.